



**REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**

REXISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 05/05/2015 13:54:50

SAÍDA 42146 / RX 579335



Estimado/a director/a,

Diríxome a vostede para poñer en marcha a avaliación individualizada de terceiro curso de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada pola Resolución do 24 de abril de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 30 de abril).

Para o desenvolvemento desta avaliación constituirase unha comisión de coordinación en todos os centros educativos, de acordo co punto cuarto da citada resolución.

A proba, na que se avalían a competencia en comunicación lingüística e a competencia matemática, terá lugar os días 27 e 28 de maio de 2015.

Para o apoio na xestión do proceso relacionado con esta avaliación, os centros contan coa plataforma informática *avaldia*, que estará activa a partir do día 5 de maio, para que poidan comprobar, actualizar ou, se é o caso cargar as listaxes de alumnado para a aplicación da proba de avaliación.

Achéganse con este escrito as instrucións relativas a realización da proba.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2015.

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

  

Manuel Corredoira López



**Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a realización da proba da avaliación individualizada dos alumnos e alumnas de terceiro curso de educación primaria que terá lugar os días 27 e 28 de maio de 2015 (Resolución de 24 de abril de 2015. DOG do 30).**

Co fin de facilitar a realización da proba da avaliación individualizada de terceiro curso de educación primaria nos centros educativos, esta dirección xeral dita as seguintes instrucións.

### **Aplicación informática *avaldia***

Para o apoio na xestión da proba de avaliación, os centros contarán coa plataforma informática *avaldia*. Esta aplicación estará activa a partir do día 5 de maio de 2015.

O modo de entrar na aplicación é tecleando na barra de dirección: [www.edu.xunta.es/avaldia](http://www.edu.xunta.es/avaldia)

Unha vez dentro, compre descargar o manual de usuario da aplicación que está situado na opción de menú “Probas. Descarga de documentos”, no que se detallan, de xeito pormenorizado, todos os aspectos referidos á aplicación *avaldia*. Cómpre entregar unha copia deste manual a todas as persoas que teñan asignado un perfil de usuario en *avaldia*.

Os directores e directoras dos centros educativos están habilitados/as de oficio para utilizar a aplicación (perfil de “XestorCentro”) e deberán crear os perfís de usuarios da aplicación. Así, deberán dar de alta as persoas que van realizar a carga de datos na aplicación (perfil de “CargadorDatos”). O procedemento explícase no manual, apartado 2.3. Cada centro habilitará o número de persoas imprescindible.



Cabe a posibilidade de que a dirección habilite unha segunda persoa do centro co seu mesmo perfil (perfil de “XestorCentro”). Neste caso, será preferentemente un membro do equipo directivo ou un membro da comisión de coordinación da avaliación.

A descarga de materiais da aplicación *avaldia* (manuais, instrucións,...) realízase na opción de menú “Probas. Descarga de documentos”. As persoas co perfil de “XestorCentro” son as únicas que poden acceder e esta descarga.

### **Listaxe do alumnado**

Entre os días 5 e 8 de maio, as persoas habilitadas co perfil de “XestorCentro” deberán comprobar ou, se é o caso, cargar en *avaldia* a listaxe de alumnado que realizará a proba.

- Centros con xade: comprobarán que a listaxe de grupos e dos alumnos e alumnas é a correcta e realizarán as modificacións necesarias. Desde a administración educativa realízase unha carga previa dos grupos e das listaxes de alumnado de terceiro curso de educación primaria.
- Centros sen xade: cargarán a listaxe completa de grupos e alumnado obxecto de avaliación.

### **Cuestionarios de contexto**

1. A dirección e o profesorado titor cubrirá os seus respectivos cuestionarios directamente na aplicación *avaldia* na opción “Probas. Carga de datos cuestionarios” ata o día 5 de xuño.
2. O cuestionario de alumnado e familias poderase cubrir de dúas maneiras: en liña e en papel.
  - a. En liña: o titor ou titora de cada grupo será o encargado ou encargada do cuestionario de alumnado e familias. Os centros facilitarán información ás familias que desexen completar o cuestionario en liña,



segundo as instrucións que se descargarán da aplicación *avaldia*. O cuestionario en liña cubrirase entre os días 12 e 20 de maio.

- b. En papel: o día 27 de maio os centros facilitarán ás familias o cuestionario de contexto en formato papel. As familias que non o cubriran en liña poderán cubri-lo e devolvelo ao centro ata o día 1 de xuño, para que este cargue os datos na aplicación *avaldia* con data límite o día 5 de xuño.

### **Material para a realización da proba**

O material da proba será distribuído aos centros educativos directamente desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nos días anteriores ás datas de realización da proba. Os responsables da dita distribución poranse en contacto co centro para confirmar a entrega deste material.

Calquera incidencia relacionada coa entrega dos materiais, deberá poñerse en coñecemento da inspección educativa do centro, e achéganse tamén os seguintes teléfonos e correos electrónicos de contacto:

Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo

Teléfono: 981 546 572 / 981 540 188

Correo electrónico: [sacse@edu.xunta.es](mailto:sacse@edu.xunta.es)

O material será recibido polo director ou directora do centro ou por un membro do equipo directivo, quen deberá comprobar que na caixa está todo o material necesario para a proba, é dicir, o número de cadernos e cuestionarios de contexto. Por cada competencia haberá dous cadernos: Caderno 1 e Caderno 2.

Os materiais das competencias non poderán ser desprecintados ata o momento de realización das probas.



O resto do material necesario (listaxe de alumnado, manual de aplicación da proba, manuais de corrección das dúas competencias avaliadas, cuestionario de dirección, cuestionario do profesorado titor, manual de usuario da aplicación avaldia e arquivos de audio para a comprensión oral) serán descargados directamente da aplicación avaldia polos centros educativos.

Todos os centros deberán dispor, cando menos, dos seguintes materiais:

1. Materiais enviados aos centros:

- Caderno 1 da competencia en comunicación lingüística.
- Caderno 1 da competencia matemática.
- Caderno 2 da competencia en comunicación lingüística.
- Caderno 2 da competencia matemática.
- Cuestionario do alumnado-familias.

2. Materiais que se deben descargar da aplicación avaldia:

- Manual de aplicación da proba.
- Manual de corrección dos cadernos da competencia en comunicación lingüística.
- Manual de corrección dos cadernos da competencia matemática.
- Cuestionario de dirección.
- Cuestionario de profesorado titor.
- Manual de aplicación e de codificación dos cuestionarios.
- Arquivos de audio para a comprensión oral (ou, se é o caso, os seus equivalentes en formato texto).
- Manual de usuario da aplicación avaldia.



Os arquivos de audio forman parte da avaliación da competencia en comunicación lingüística, en concreto da destreza de comprensión oral. A dirección do centro deberá realizar unha das seguintes accións:

- Descargar os arquivos de audio da aplicación *avaldia* e gravalos nun dispositivo de almacenamento, e prever os medios para a súa reprodución o día da proba, garantindo unhas condicións de audición correcta.
- En caso de imposibilidade de utilizar os arquivos de audio, descargar os arquivos correspondentes á comprensión oral en formato de texto (tamén están na aplicación *avaldia*). Neste caso, persoa aplicadora realizará a súa lectura, da maneira máis similar posible a como se realiza no formato de audio. Neste caso recoméndase que a persoa aplicadora, previamente, se familiarice cos textos que debe ler.

### **Aplicación da proba**

As probas aplicaranse na seguinte orde:

#### **Día 27 de maio:**

1. Caderno 1 da competencia en comunicación lingüística. Tempo máximo 60 minutos.
2. Descanso. Entre 20 e 30 minutos.
3. Caderno 1 da competencia matemática. Tempo máximo 50 minutos.

#### **Día 28 de maio:**

1. Caderno 2 da competencia en comunicación lingüística. Tempo máximo 60 minutos.
2. Descanso. Entre 20 e 30 minutos.
3. Caderno 2 da competencia matemática. Tempo máximo 50 minutos.



Con carácter xeral, as probas aplicaranse entre o comezo do horario lectivo de cada centro e as 13 horas de cada día. Correspóndelle á comisión de coordinación o axuste dos horarios para adaptar a realización da proba á súa xornada escolar do mellor xeito posible.

A dirección do centro descargará previamente de *avaldía* o seguinte material: listaxe do alumnado, etiquetas dos cadernos (opción "Informes" de *avaldía*), manual de aplicación da proba e arquivos de audio para a comprensión oral, que poñeraos a disposición das persoas encargadas da aplicación o día da proba.

Logo de realizada a proba, as persoas aplicadoras entregarán os cadernos e a listaxe de alumnado á dirección do centro educativo.

### **Corrección da proba e gravación dos datos**

A dirección do centro entregará os cadernos e os manuais de corrección ás persoas designadas para a súa corrección. Estas persoas deberán corrixilos e gravar os datos na aplicación *avaldía* antes do día 5 de xuño.

Calquera incidencia relativa á aplicación informática debe ser posta en coñecemento da Unidade de Atención a Centros (UAC), para a súa resolución, a través de:

Teléfono: 881 997 701

Fax: 881 997 788

Correo electrónico: [uac@edu.xunta.es](mailto:uac@edu.xunta.es)

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2015

O director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Manuel Corredoira López